

GALEGO

1. Une.

NOTICIAS NENOS- O XORNAL

Florida 12/03/22

Detido un neno de sete anos en Miami por levar unha pistola ao colexio

CORPO

Foi un garda do colexio o que localizou a pistola do neno. A súa identidade non foi divulgada.

TITULAR

Un neno de 7 anos do colexio DillarElementarySchool, na cidade de FortLauderdale, ao norte de Miami (Florida), foi detido este venres tras atopárselle no centro educativo unha pistola.Foi un garda do colexio o que localizou a pistola do neno, a súa identidade non foi divulgada,en circunstancias aínda descoñecidas.



Un comunicado difundido polo colexio sinalou que "esta mañá, antes do comezo da xornada escolar, os administradores da Escola Primaria Dillard recibiron información sobre un estudante cunha posible arma de fogo no campus".

A escola foi posta de inmediato baixo "código vermello" e os responsables "manexaron a situación de maneira segura e confiscaron a arma", agregou.

O estudante detido "enfrentará as medidas disciplina-rias escolares axeitadas", segundo o comunicado no que tamén felicitan a outro estudante que deu a primeira alerta e "que fixo o correcto: ver algo e dicir algo".

ENTRADA

COMO SE REDACTA UNHA NOTICIA?

Unha noticia está ben redactada se contesta estas preguntas:

- ✚ Que? —→ Tema
- ✚ Quen? —→ Protagonista ou protagonistas
- ✚ Onde? —→ Lugar onde sucede
- ✚ Cando? —→ Momento no que sucede
- ✚ Como? —→ Forma na que sucede

2. Completa.

Un neno de sete anos.	Este venres.	O colexio recibiu un aviso antes do comezo das clases e un garda detívoo.	Detiveron un neno por levar unha pistola no recinto escolar.	En Miami (Florida)
-----------------------	--------------	---	--	--------------------

QUE	QUEN	ONDE	CANDO	COMO

3. Atopa nas series o obxecto que non debes levar ao colexio.

lapis	goma	estoxo	navalla	bolígrafo
libreta	libro	tiracroios	pincel	rotulador
ordenador	tesoiras	pegamento	auga	móbil